



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES. ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Anuncio

Resolución do 2 de xullo de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo de acceso por oposición libre (código de procedemento PR461B) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461D) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

No "Diario Oficial de Galicia" número 125, do 2 de xullo de 2025, publícase a ORDE do 26 de xuño de 2025 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre (código de procedemento PR461B) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461D) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía

A continuación, sinálanse o número e características das prazas convocadas:

	Concello	Provisión por mobilidade	Acceso por oposición libre
		PR461D	PR461B
1	A Coruña	4	16
2	A Estrada		1
3	A Illa de Arousa		1
4	Ames		1
5	Arteixo	1	1
6	Baiona		1
7	Barbadás		1
8	Betanzos		1
9	Bueu		1
10	Burela	1	2
11	Caldas de Reis	1	1
12	Camariñas		1
13	Cambados		2
14	Cangas	1	3
15	Coristanco		1
16	Culleredo	1	3
17	Fene	1	

18	Ferrol	2	9
19	Foz		1
20	Lugo	1	3
21	Meaño		1
22	Melide	1	
23	Nigrán	1	
24	Noia	1	
25	O Grove	1	3
26	O Rosal		1
27	Ourense	5	15
28	Poio		2
29	Ponteareas		2
30	Santiago de Compostela	6	15
31	Silleda		1
32	Teo		1
33	Vigo	3	8
34	Vilagarcía de Arousa	1	2
35	Viveiro		1
	TOTAIS	32	102

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da referida orde de convocatoria no “Boletín Oficial do Estado”.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos de conformidade coas bases da mesma.

A Estrada, 11 de xullo de 2025.- O director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, Santiago Villanueva Álvarez

R. 2018

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía nº 2025-0258 de data 14.07.2025 adoptouse a seguinte Resolución que se transcribe literalmente:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2023-0187 de data 26.06.2023, de conformidade co preceptuado no artigo 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 61.3 e 61.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e nos artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, adoptouse Resolución sobre o establecemento, entre outras, da área de goberno de Benestar Social, efectuando delegación especial de dita área á concelleira D^a Tania Rey Eimil.

Visto que a citada delegación especial conleva o exercicio das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva coas correspondentes retribucións aprobadas polo Pleno en sesión de data 30.06.2023.

Visto que con rexistro de entrada nº 2025-E-RC-1255 en data 01.07.2025 a concelleira D^a Tania Rey Eimil comunica a súa renuncia a dita delegación especial de Benestar Social prestada en réxime de dedicación exclusiva con data de 15.07.2025, se ben mantén a súa condición de concelleira.

Visto o que antecede, e de conformidade coas competencias legalmente atribuídas, **RESOLVO:**

Primeiro: Tomar coñecemento e aceptar a renuncia presentada pola concelleira D^a Tania Rey Eimil á delegación especial de Benestar Social con data de efectos do 15.07.2025.

A citada renuncia conleva a non percepción a partir do día 16.07.2025 das correspondentes retribucións do réxime de dedicación exclusiva vinculado a dita delegación especial.

Segundo: Dar de baixa na Seguridade Social con efectos do día 15.07.2025.

Terceiro: Notificar a presente resolución á interesada.

Cuarto: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, sen prexuízo dos seus efectos con data 15.07.2025, independentemente da data da súa publicación.

Quinto: Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre. “

Abadín, 14 de xullo de 2025.- O alcalde, José M.^a López Rancaño.

R. 2043

GUNTÍN

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO DO ANO 2019.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao ano 2019 foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 14.07.2025.**

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **23 de xullo de 2025 ata 23 de setembro de 2025**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Guntín, 14 de xullo de 2025.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2044

O INCIO

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía n.º 2025-0190 de data 11/07/2025, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un posto de **Peón de Servizos Múltiples**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), durante 6 meses, ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Lugo “*Reforzo do Emprego*” (Plan Deputación 2025).

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 08:00 a 15:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días hábiles**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello do Incio (Lugo) (<https://concellooincio.sedelectronica.gal/>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellooincio.sedelectronica.gal/> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

O Incio, 15 de xullo de 2025.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2045

LOURENZÁ

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 22 de maio de 2025 aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e vo dominio público local.

Téndose publicado o anuncio de exposición pública por un prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, n.º 120, de 28 de maio de 2025, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha reclamación, consonte ó establecido no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, enténdese definitivamente acadado o acordo ata entón provisional. Finalmente, de conformidade co preceptuado nos artigos 17.4, 18 e 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, procédese á publicación do texto definitivo, podendo os interesados interpoñer contra o acordo de aprobación definitiva recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses, que se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lourenzá, 11 de xullo de 2025.- O Alcalde en Funcións, D. Javier Huertas Otero.

9.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VO DO DOMINIO PUBLICO LOCAL.

ARTIGO 1º. CONCEPTO E FUNDAMENTO LEGAL. FEITO IMPOÑIBLE.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1.A), ambos os dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, do 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación do subsolo, solo, e voo das vías públicas e outros terreos do dominio público local, que se rexirá pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitue o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con tendidos, encanamentos e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluido incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparellos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos.

Tamén constituirán o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante a ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hosteleiros, os aparatos surtidores de gasolina e análogos, a reserva especial da vía pública ou de terreos de uso público para as prácticas de autoescolas ou similares, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos, e

calquera outra instalacións distintas anteriores que impliquen a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO E RESPONSABLES DA TAXA.

1.-Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular mediante calquera dos elementos descritos no artigo 2º desta Ordenanza, obtivesen ou non a concesión, autorización ou licencia municipal preceptiva.

2.-Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:

a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria

b) Subsidiariamente as persoas a que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4º. BENEFICIOS FISCAIS.

1. De conformidade có disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos nas normas con rango de Lei.

2. O Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia non estarán obrigados ó pagamento desta taxa polos aproveitamentos inherentes ós servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que interesen á seguridade cidadá ou a defensa nacional.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante de aplicar as tarifas contidas no apartado 4 seguinte.

2. Non obstante o anterior, cando a utilización privativa ou aproveitamento especial o sexa en favor das empresas explotadoras de servizos de suministros que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, o importe consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

3. Igualmente, no caso de que a utilización privativa ou o aproveitamento especial se adxudique por procedementos de licitación pública o importe da taxa virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización ou adxudicación.

4. As tarifas da taxa serán as seguintes:

- Tarifa Primeira. Pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con tendidos, encanamentos e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluido, e transformadores colocados en quioscos ou casetas, 1,05 euros por cada metro cadrado de ocupación, ou fracción, e día.

- Tarifa Segunda. Pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores (excluídos os que tributen pola tarifa primeira), rieles ou outros elementos análogos, 1,56 euros por cada elemento e día.

- Tarifa Terceira. Básculas e aparellos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo, 0,31 euros por metro cadrado, ou fracción, e día.

- Tarifa Terceira. Bis. Taxa para o aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante a ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hostaleiros:

a) Meses de xuño a setembro, ambos incluídos, por cada metro cadrado 3,13 euros.

b) Resto do ano, por cada metro cadrado 1,56 euros.

Tomarase como base imponible o valor da superficie ocupada, computada en metros cadrados.

- Tarifa Cuarta. Aparatos surtidores de gasolina e análogos, tributarán:

a) Ocupación do solo, 52,12 euros por metro cadrado, ou fracción, ó trimestre.

b) Ocupación do subsolo con depósitos, 20,85 euros por metro cúbico ou fracción, ó trimestre. A tal efecto o cubicaxe realizarase con inclusión dos espesores con muros de contención, soleiras e lousas.

- Tarifa Quinta. Reserva especial da vía pública ou de terreos de uso público para as prácticas de autoescolas ou similares, 8,34 euros por metro cadrado ou fracción e mes.

- Tarifa Sexta. Pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos, por unidade 208,48 euros anuais.

- Tarifa Séptima. Outras instalacións distintas de las incluídas en las tarifas anteriores:

- Subsuelo: Por cada m3 del subsuelo realmente ocupado, medidas sus dimensiones con espesores de muros de contención, soleras y losas al trimestre: 4,27 euros.
- Suelo: Por cada m2 o fracción al trimestre: 1,73 euros.
- Vuelo: Por cada m2 o fracción medido en proyección horizontal al trimestre: 1,73 euros.

Pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos, por unidade 208,48 euros anuais.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1.-A taxa regulada por esta Ordenanza xestionarase no réxime de autoliquidación para as primeiras utilizacións ou aproveitamentos; e por Padrón para as autorizadas por prazo superior a un ano.

2.-Non obstante o anterior, no suposto contemplado no artigo 5º.2 desta Ordenanza, procederáse á presentación por parte do suxeito pasivo no Rexistro Xeral da Entidade, da autoliquidación da taxa con carácter trimestral constituíndo a base impositiva da autoliquidación, sen prexuízo de canto se establece no apartado terceiro, dentro dos quince primeiros días do mes inmediato seguinte ó remate do trimestre a autoliquidar, comprensiva dos ingresos brutos de facturación e do importe a satisfacer da presente taxa.

3.-Constitúese como obriga tributaria formal para o suxeito pasivo a declaración de alta, variación e baixa da utilización ou aproveitamento, ou de calquera dos seus elementos. Así mesmo, constitúese como obriga tributaria formal das empresas explotadoras dos servizos de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a remisión ó Concello do listado clasificado de tarifas onde conste, para cada unha delas, os conceptos de facturación correspondentes ás subministracións realizadas no termo municipal de Ribadeo.

4.-A exacción da taxa compatibilizarase coa que se derive da prestación de servizos ou a realización de actividades reguladas noutras Ordenanzas, co imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, así como coa obriga de constituír depósito ou garantía por utilizacións e obras, de constituír depósito ou garantía por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais nos que se estime que sexa posible a destrución ou deterioro do dominio público, nos termos e condicións regulados na ordenanza que, segundo o tipo de utilización ou aproveitamento, sexa de aplicación.

ARTIGO 7º. DEREITO Á PERCEPCIÓN DA TAXA.

A taxa regulada por esta Ordenanza tera dereito a percibirse no momento da solicitude da licenza ou autorización da utilización privativa ou o aproveitamento especial constitutivo do seu feito impositivo, agás naqueles supostos nos que dita autorización sexa por prazo superior ó ano, neste caso o dereito á percepción da taxa produciráse o 1º de Xaneiro de cada exercicio.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓN E DEFRAUDACIÓN.

Cualificarase como infracción tributaria simple ó incumprimento das obrigas tributarias formais a que se refire o artigo 4º desta Ordenanza. Tales infraccións serán sancionadas cunha multa de 6,01 a 901,52 euros por cada infracción simple cometida. Cualifícase como infracción tributaria simple non poñer a disposición dos Servizos Técnicos o xustificante ou documento de autorización cando lle sexa requerido nas funcións de control, inspección e vixilancia.

ARTIGO 9º. OUTRAS NORMAS DE APLICACIÓN.

1.-As persoas ou entidades interesadas na concesión da utilización ou aproveitamento gravados segundo o disposto nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, con tres días hábiles de antelación, realizar o depósito previo da taxa e formular declaración na que conste a superficie afectada e as datas inicial e final de dita ocupación solicitada. No suposto de actuacións por emerxencia ou actuacións urxentes por motivos de seguridade ou salubridade pública deberá procederse a presentar a solicitude tan pronto como sexa posible, xunto con un plano estimado de superficie afectada e prazo estimado de ocupación. Unha vez realizadas as labores preventivas procederase á subsanación da solicitude e xiraranse as liquidacións complementarias que procedan. A notificación poderá retirarse persoalmente nas oficinas municipais ata o día hábil inmediato anterior á data declarada de inicio de ocupación.

2.-Os servizos técnicos do Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións ou notificando as diferencias ou deficiencias observadas, non concedéndose neste último caso as autorizacións ata a súa subsanación e realizados os ingresos complementarios que procedan. No suposto de detectarse ocupación máis aló da data final declarada, considerarase unha ocupación nova sen autorización.

3.- Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se teña aboado a taxa e se teña obtido a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza, sen prexuízo do pago da taxa e das sancións e recargos que procedan.

4.-A ocupación autorizada non poderá obstaculizar o paso a espazos de uso común (xardíns, áreas peonais, aparcamentos, accesos a garaxes, accesos a inmobles) ou o tránsito de vehículos e peóns salvo no que fora expresamente autorizado.

5.-Deberán quedar libres para a súa inmediata utilización, se fose necesario, os elementos de servizos públicos tales como bocas de rego, rexistros de sumidoiros, saídas de emerxencia, arquetas de rexistro de servizos e análogos, así como o mobiliario urbán de uso e servizos, salvo que expresamente se autorizara o contrario e baixo o estrictamente autorizado.

Disposición Adicional Primeira .- Cando se produzan situación catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde-sa será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Disposición Adicional Segunda.- Establecer a exención da Taxa polo aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante a ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hostaleiros dende o inicio da declaración do Estado de Alarma e ata decembro do 2021.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA. ENTRADA EN VIGOR E COMEZO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

A presente Ordenanza fiscal foi modificada na sesión plenaria de 21/05/20 coa introducción das Disposicións Adicionais Primeira e Segunda.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En atención á situación excepcional xerada pola crise sanitaria motivada polo COVID-19, suspéndese a aplicación da presente Ordenanza durante o ano 2022 e polo tanto, non estarán obrigados ao pago da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, para o exercicio 2022 os suxeitos que devesen a cota da taxa entre o 1 de xaneiro do 2022 e o 31 de decembro do 2022.

A aplicación desta suspensión temporal non conleva a eliminación da preceptiva autorización municipal para a ocupación do dominio público, requisito que segue sendo imprescindible para a realización de toda actividades desta natureza en espazos de uso público.

ARTIGO 4º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1. As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo fixados nos respectivos epígrafes.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia e realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte.
3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.
4. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar o prezo público.

ARTIGO 5º.- OBRIGA DE PAGO.

1. A obriga de pago da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2. O pago da Taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesorería Municipal ou onde establecese o Concello pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 da Lei 39/88 de 28 de decembro, modificado pola Lei 25/98 de 13 de xullo, quedando elevado a definitivo o concederse a licencia correspondente.

- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta Taxa, por semestres naturais nas oficinas de Recaudación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do semestre ata o 15 do segundo mes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor unha vez publicada no “Boletín Oficial da Provincia” e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En atención á situación excepcional xerada pola crise sanitaria motivada polo COVID-19, suspéndese a aplicación da presente Ordenanza durante o ano 2022 e polo tanto, non estarán obrigados ao pago da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, para o exercicio 2022 os suxeitos que devesen a cota da taxa entre o 1 de xaneiro do 2022 e o 31 de decembro do 2022.

A aplicación desta suspensión temporal non conleva a eliminación da preceptiva autorización municipal para a ocupación do dominio público, requisito que segue sendo imprescindible para a arealización de toda actividades desta natureza en espazos de uso público.

R. 2019

*Anuncio***Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizos de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao **2º trimestre de 2025**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de outubro de 2025, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 11 de xullo de 2025.- O Alcalde en funcións, Javier Huertas Otero.

R. 2020

PANTÓN*Anuncio***NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA DE CARREIRA DO CONCELLO DE PANTÓN.**

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0232 de data 10.072025, unha vez finalizado o proceso selectivo, efectuase o nomeamento como Funcionaria de Carreira para cubrir a praza de conserxe de colexio, encadrada na escala de administración xeral, subescala subalterna, grupo A.P., vacante no cadro persoal e

incluída na oferta de emprego público de 2021, mediante o sistema de oposición libre a Dona Cristina Vázquez Sexto con D.N.I. número ***7104**.

O que se fai público para os efectos do artigo 62 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de Outubro, e o artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Pantón, 10 de xullo de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2021

PARADELA

Anuncio

O 14 de xullo de 2025 ditouse Resolución de Alcaldía – Presidencia, que literalmente di:

“DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

Dª. MARIA MONTSERRAT MULET SAR // En Paradelas, na data da sinatura.

ASUNTO.- CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN E A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DO CONCELLO DE PARADELA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA).

Visto o Informe da Traballadora Social do Concello de data 14 de xullo de 2025, no que se reflicte que ante a necesidade de cubrir as vacacións, baixas laborais temporais, permisos por días de asuntos propios do persoal municipal ou calquera outra situación xustificativa de necesidade de SAF e as dificultades que se presentan para cubrir eses postos, propónse a convocatoria dunha nova bolsa de emprego de auxiliares do SAF.

Vista a providencia da alcaldía que incoa o expediente do proceso de selección, por concurso-oposición, dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal para a Prestación do Servizo de SAF (Servizo de Axuda no Fogar para Persoas Dependentes e Prestación Básica).

Vista a memoria da Alcaldesa-Presidenta que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar un proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal para a Prestación do Servizo de SAF, ata o ano 2028 (Servizo de Axuda no Fogar para Persoas Dependentes e Prestación Básica) e a anulación da bolsa anterior.

Ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar as competencias co obxecto de aprobar a convocatoria e bases para a selección e constitución dunha bolsa de emprego, mediante o sistema de concurso-oposición de persoal en réxime laboral temporal na seguinte categoría: Auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar Municipal ata o ano 2028 e a anulación da bolsa anterior.

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes bases que rexerán nesta convocatoria, que se xuntan como anexo ao expediente.

TERCEIRO.- Dar conta desta Resolución no vindeiro pleno que se celebre.

Así o mandou a Sra. Alcaldesa – Presidenta, do que eu, como Secretaria, certifico.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

ANEXO

BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE PARADELA PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

OBXECTO: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento para a elaboración dunha lista ou bolsa de emprego que servirá de base para a contratación laboral temporal de persoal na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Paradelas, para os casos de substitucións do persoal: por vacacións, baixas laborais temporais, permisos por días de asuntos propios das empregadas municipais ou calquera outra situación xustificativa de necesidade.

NORMATIVA APLICABLE: O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; (no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña o Real decreto legislativo (781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA: FUNCIÓNS E TAREFAS DAS PRAZAS CONVOCADAS

FUNCIÓNS: O cometido funcional será o establecido no Decreto 99/2012, de 26 de marzo, pola que se regulan os servizos comunitarios e o seu financiamento e Art. 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

TAREFAS: O persoal da categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar é o que realiza as tarefas de carácter asistencial e educativo, en contacto directo coas persoas usuarias do servizo, coa súa familia e co seu entorno. As tarefas a realizar recollen os seguintes tipos de atencións de carácter básico segundo constan no artigo 5. do Regulamento do Servizo de Prestación de Axuda no Fogar do Concello de Paradela:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, e orientación espazo-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b) Atención de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- V. Coidados e mantemento básico da vivenda.
- VI. Apoio a unidade de convivencia.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico – profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

- Con carácter complementario, o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

TERCEIRA: REQUISITOS

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír permiso de condución B1 e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse polo Concello. **Acreditarase a dispoñibilidade de vehículo propio a través de declaración responsable (anexo IV).**
- c) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con Certificación da Xunta de Galicia.
- d) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin atoparse inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixidos aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso. **Acreditarase mediante declaración responsable (anexo V)**
- f) De conformidade co establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, sobre criterios común de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, os/as candidatos/as deberán acreditar a cualificación profesional de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, de 20 de febreiro, segundo se determine na normativa que a desenvolva.

A tal efecto, consideraranse os seguintes **títulos e certificados**:

- Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecidos polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a en Atención Socio-sanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, se atopen traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.
- O certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

CUARTA: ANUNCIO DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello, na páxina web www.paradela.es e na sede electrónica do Concello do Paradela: <https://paradela.sedelectronica.es>.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Paradela ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común durante o prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, contados

dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na web municipal, na sede electrónica do Concello do Paradela: <https://paradela.sedelectronica.es>. e/ou no BOP (o que suceda máis tarde). Sendo necesario neste caso comunicar a remisión da copia selada da solicitude de formar parte no proceso selectivo (**anexo I**) ao e-mail concello.paradela@eidolocal.es. Dito e-mail deberá de ter entrada dentro do prazo de presentación das solicitudes, non sendo admitidas todas aquelas presentadas fóra de prazo.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais, así como a través dos medios acreditados (**anexo I**) e irán acompañadas dos seguintes documentos:

1. Copia do DNI.
2. Copia cotexada permiso de conducir e vehículo propio. (**anexo IV**)
3. Copia cotexada da titulación esixida.
4. Relación numerada dos méritos que se aleguen e os documentos xustificativos correspondentes, que deberán ser orixinais ou copias cotexadas. O Tribunal non terá en consideración os méritos que non estean debidamente acreditados e que non se presenten nas condicións establecidas nas presentes bases.
5. Declaración xurada en relación coa posesión da capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto, así como de non estar inhabilitado/a para o desempeño de función públicas, nin incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de función públicas de conformidade coa Lei 53/1984 do 26 de decembro (**anexo II e V**)
6. De ser o caso, copia cotexada do certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (Celga 2) actualmente vixente, ou ás certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso e, de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega (Celga 2, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base sexta da presente convocatoria.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

QUINTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase por Resolución de Alcaldía a lista provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web municipal, así como na sede electrónica do Concello <https://paradela.sedelectronica.es>.

No caso de existir prazo de emenda de erros; concederase un prazo de TRES DIAS HÁBILES (3) para reclamacións e correccións de deficiencias, si as houbera, a partir do día seguinte da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos.

Para a emenda dos defectos de documentación, entendendo que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación xustificativa do currículo ou méritos alegados, nin se aceptará documentación algunha para completar dito currículo fóra do prazo de presentación de instancias.

As reclamación, deberán realizarse por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación na que se fundamente. Deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes; sendo necesario, comunicar a remisión da copia selada das alegacións formuladas ao e-mail do Concello concello.paradela@eidolocal.es, dentro do prazo estipulado.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoa ou desestimándoa, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello <https://paradela.sedelectronica.es>. En dita Resolución se indicará a composición do Tribunal Seleccionador e o día, hora e lugar no que se levará a cabo a realización das probas ás persoas solicitantes admitidas, de ser o caso.

O Tribunal poderá requirir aos/as aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, co obxecto de que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, se velará polo anonimato dos/as aspirantes, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os/as aspirantes serán chamados, en chamamento único, polo/a Secretario/a actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do

Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase da mesma previa audiencia do interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

SEXTA: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O proceso de selección consistirá na realización en dúas fases, sendo a primeira a de concurso e a segunda de oposición. A cualificación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición.

1. Fase de concurso: máximo de 6 puntos.

- Valorarase a experiencia en postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar, desempeñado nesta Administración Pública, noutra Administración Pública, en empresas públicas ou Consorcios derivados de convenios de colaboración, e en empresas privadas, ata un **máximo de 4 puntos**, a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais. Se os/as candidatos/as acreditasen días naturais soltos de traballo, como consecuencia de diversos contratos ou servizos prestados, estes sumaranse ata acadar 30 días naturais (1 mes completo). Se sobrasen días cuxa suma non chegue a 30 días naturais, desprezaranse na puntuación.

Entenderase por posto de traballo similar aqueles que teñan por finalidade o coidado de persoas da terceira idade ou dependentes, como por exemplo, os desenvolvidos en centros de día ou residencias da terceira idade, etc.

Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

- Pola realización de **cursos de formación relacionados co posto de traballo a desempeñar** (non se valorará máis dun curso con igual contido), ata un máximo de **2 puntos**:

De menos de 10 horas: 0,10 puntos/ curso.

De 11 a 50 horas lectivas: 0,50 puntos/ curso.

De 51 a 100 horas lectivas: 1,00 puntos/curso

De máis 100 horas lectivas: 1,50 puntos/curso

Para xustificar a experiencia laboral as persoas aspirantes acreditarán:

- Os servizos prestados na Administración Pública mediante un certificado oficial da Secretaría correspondente expedido ao efecto, ou contratos de traballo, onde se fagan constar os servizos prestados e duración dos mesmos, e o Informe de Vida Laboral actualizado.
- Os servizos prestados na empresa privada mediante contratos de traballo e o Informe de Vida Laboral actualizado.
- No caso de persoas traballadoras autónomas mediante IAE (alta e actualización) e o Informe de Vida Laboral actualizado.

A cualificación final obtida neste apartado por cada persoa será a resultante de suma dos méritos alegados (formación e experiencia).

2. Fase oposición: máximo de 10 puntos. (0-10 puntos).

1º EXERCICIO: de carácter obrigatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 10 preguntas, a desenvolver en 30 minutos, con tres respostas alternativas das que só unha resposta será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no **anexo III**.

Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos, as respostas correctas valoraranse cada unha 1,00 punto. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

2º EXERCICIO: Obrigatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 (ou o curso de iniciación), nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007. Os/as candidato/as que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego. Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

A puntuación total virá determinada pola obtida no concurso de méritos máis a obtida no primeiro exercicio. O tribunal elevará proposta de bolsa de emprego ao órgano competente cos candidatos que superaron o proceso ordenados por puntuación obtida.

SÉTIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

7.1 Composición.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral fixo.

Vogais: Tres persoas funcionarias ou laborais fixas, técnicas ou expertas.

Secretario/a: Persoal con habilitación con carácter nacional ou persoal funcionario que o/a substitúa.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

7.2 Nomeamento e publicación.

As persoas que integren o Tribunal, así como os asesores e colaboradores serán nomeadas mediante resolución da alcaldía. A dita resolución publicarse no taboleiro de anuncios municipal da Entidade, na páxina web e na súa sede electrónica.

7.3 Incorporación de persoal asesor e de colaboración.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor ao obxecto de oír a súa opinión especializada, así como de persoal colaborador para o apoio durante o desenvolvemento do sistema selectivo.

7.4 Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, e se é o caso o persoal asesor, absteranse de intervir, comunicándollo á alcaldía, e as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas de abstención e recusación dos membros do tribunal de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

7.5 Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quórum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaria; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaria, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

O Tribunal, en caso de necesidade, poderá solicitar á alcaldía a incorporación de asesores ou colaboradores, cando os nomeados non foran suficientes ou non se nomearan previamente. O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que as probas se corrixan sen coñecer a identidade das persoas aspirantes. Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo.

7.6 Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

OITAVA: FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABAJO

Rematada a fase de concurso-oposición, o Tribunal publicará, no taboleiro de anuncios municipal, na web e na sede electrónica, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida por cada un deles/as no conxunto do proceso selectivo. A orde na que figurarán os/as candidatos/as virá determinada pola puntuación obtida no conxunto do proceso selectivo. A vixencia desta bolsa é de tres anos a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do Concello da Resolución da alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

No caso de empate final na puntuación das persoas participantes, resolverase a favor daquela que teña a maior puntuación no apartado de experiencia profesional. De persistir o empate, se ordenará seguido a orde alfabética na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de data 21 de xaneiro de 2025, pola que se fai público para o ano 2025 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia (DOG n.º 16, de data 24 de xaneiro de 2025), empezando por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comence pola letra “F”.

A devandita lista exporase no taboleiro de edictos do Concello de Paradela, na páxina web municipal, así como na sede electrónica <https://paradela.sedelectronica.es>.

As contratacións laborais temporais levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

1. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, realizando ata tres chamamentos en diferentes franxas horarias. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar, no caso de que o valore, que o/a traballador/a se someta a un recoñecemento médico-psicolóxico que avalíe a súa adecuación ao posto a desempeñar.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado suporá que a persoa candidata pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar será causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza ou período equivalente no caso de persoas desempregadas que se atopen en situacións similares.
- b) Incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada mediante parte de baixa, ou certificado médico expedido pola seguridade Social
- c) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
- d) Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditada mediante documento público, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- e) Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- f) Coidado directo de menores de 0 a 3 anos ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razón de idade, enfermidade ou accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoas
- g) Estar a prestar servizos nunha Administración pública, empresa ou exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo
- h) Outras causas análogas debidamente xustificadas, discrecionalmente apreciadas pola Alcaldía.
- i) Estar en situación de emprego activo temporal. Deste xeito causará baixa temporal na listaxe e será responsabilidade súa xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Así mesmo deberá acreditar debidamente aportando o contrato laboral para xustificar a situación de emprego activo temporal.

2. Suspensión dos chamamentos.

Por solicitude da persoa interesada:

Os/as integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Terá efectos dende o día seguinte da súa presentación no rexistro do Concello de Paradela.

O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de seis ou doce meses computados desde a data de efectos de suspensión.

NOVENA: IMPUGNACIÓN

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

D. con DNI
e domicilio a efectos de notificacións en
..... número de teléfono
correo electrónico

EXPÓN:

1. Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a formación dunha Bolsa de Emprego de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR do Concello de Paradelá.

2. Que reúne as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Polo que SOLICITA ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo (e orixinal para o seu cotexo)
- Fotocopia do carné de conducir (e orixinal para o seu cotexo)
- Fotocopia da titulación esixida (e orixinal para o seu cotexo)
- Fotocopia CELGA 2 ou equivalente.
- Relación numerada dos méritos que se aleguen e as copias (e orixinais para o seu cotexo) dos documentos xustificativos correspondentes.
- Informe de Vida Laboral actualizado
- Declaración xurada (anexo II, IV e V)

E AUTORIZO:

Que publique os meus datos persoais no taboleiro, na sede electrónica <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web do Concello (www.paradela.es)

En, a de de 20.....

A/A ALCALDESA DO CONCELLO DE PARADELA

Responsable	AYUNTAMIENTO DE PARADELA P2704200A C/ Cabaleiros de Santiago, 15.- 27611.- Paradelá.- LUGO
Finalidades	Recollida e xestión dos datos e documentación indicada na instancia de solicitude.
Lexitimación	Consentimento do interesado e Obriga legal do Concello de Paradelá para a tramitación da solicitude.
Duración	Os datos conservaranse para cumprir coas obrigas legais.
Destinatarios	Persoal e/ou entidades involucradas na xestión do proceso.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, e outros desenvolvidos na información adicional.
Info ampliada	www.paradela.es ou nas oficinas do Concello.

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

D. con DNI
con domicilio a efectos de notificacións en
..... número de teléfono
correo electrónico

Declaro baixo xuramento:

Non padecer enfermidade ou eiva física/psíquica, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto.

Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Paradela a de 20....

A/A ALCALDESA DO CONCELLO DE PARADELA

Responsable	AYUNTAMIENTO DE PARADELA P2704200A C/ Cabaleiros de Santiago, 15.- 27611.- Paradela.- LUGO
Finalidades	Recollida e xestión dos datos e documentación indicada na instancia de solicitude.
Lexitimación	Consentimento do interesado e Obriga legal do Concello de Paradela para a tramitación da solicitude.
Duración	Os datos conservaranse para cumprir coas obrigas legais.
Destinatarios	Persoal e/ou entidades involucradas na xestión do proceso.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, e outros desenvolvidos na información adicional.
Info ampliada	www.paradela.es ou nas oficinas do Concello.

ANEXO III. TEMARIO

1. O Servizo de Axuda a Domicilio. Definición e obxectivos.
2. O papel do/a auxiliar do Servizo de Axuda a Domicilio.
3. Preparación e axuda nas actividades básicas da vida diaria a domicilio: hixiene e prevención de úlceras, alimentación, mobilización.
4. Intervencións de atención psicosocial domiciliaria: estimulación física, cognitiva e relacional.
5. Xestión e financiamento da unidade convencional: actividades de limpeza, elaboración de menús, seguridade domiciliaria e axudas técnicas.

ANEXO IV. MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña. con DNI,
e domicilio en,
declaro que reúno os requisitos de contar con dispoñibilidade de vehículo para o posto de Auxiliar de Axuda
no Fogar.

En Paradela de de 20....

Asdo. _____

A/A ALCALDESA DO CONCELLO DE PARADELA

Responsable	AYUNTAMIENTO DE PARADELA P2704200A C/ Cabaleiros de Santiago, 15.- 27611.- Paradela.- LUGO
Finalidades	Recollida e xestión dos datos e documentación indicada na instancia de solicitude.
Lexitimación	Consentimento do interesado e Obriga legal do Concello de Paradela para a tramitación da solicitude.
Duración	Os datos conservaranse para cumprir coas obrigas legais.
Destinatarios	Persoal e/ou entidades involucradas na xestión do proceso.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, e outros desenvolvidos na información adicional.
Info ampliada	www.paradela.es ou nas oficinas do Concello.

ANEXO V. MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña. con DNI,
e domicilio en.,

declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación auxiliar de axuda no fogar asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Paradela de de 20....

Asdo. _____

A/A ALCALDESA DO CONCELLO DE PARADELA

Responsable	AYUNTAMIENTO DE PARADELA P2704200A C/ Cabaleiros de Santiago, 15.- 27611.- Paradela.- LUGO
Finalidades	Recollida e xestión dos datos e documentación indicada na instancia de solicitude.
Lexitimación	Consentimento do interesado e Obriga legal do Concello de Paradela para a tramitación da solicitude.
Duración	Os datos conservaranse para cumprir coas obrigas legais.
Destinatarios	Persoal e/ou entidades involucradas na xestión do proceso.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, e outros desenvolvidos na información adicional.
Info ampliada	www.paradela.es ou nas oficinas do Concello.

“

Paradela, 14 de xullo de 2025.- A Alcaldesa-Presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 2046

A PASTORIZA

Anuncio

EDICTO

Por Resolución da alcaldía de data 15 de xullo aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 1º trimestre do exercicio 2025.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 21/07/2025 e o 21/09/2025 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 21/07/2025. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 15 de xullo de 2025.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2047

SARRIA

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 26/06/2025, acordou aprobar provisionalmente a modificación das tarifas da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de piscina municipal climatizada (Expte núm. 1251/2025) co seguinte tenor literal:

ABONOS

Tarifa proposta

MATRICULA	26,68
INDIVIDUAL MENSUAL	37,37
INDIVIDUAL TRIMESTRAL	104,47
INDIVIDUAL SEMESTRAL	186,89
INDIVIDUAL ANUAL	296,83

2 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR MENSUAL	43,93
2 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR TRIMESTRAL	120,81
2 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR SEMESTRAL	219,74
2 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR ANUAL	340,62
3 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR MENSUAL	47,85
3 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR TRIMESTRAL	137,27
3 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR SEMESTRAL	252,74
3 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR ANUAL	384,05
4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR MENSUAL	54,84
4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR TRIMESTRAL	153,80
4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR SEMESTRAL	285,67
4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR ANUAL	428,41
MÁIS DE 4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR MENSUAL	59,81
MÁIS DE 4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR TRIMESTRAL	170,27
MÁIS DE 4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR SEMESTRAL	318,75
MÁIS DE 4 MEMBROS UNIDADE FAMILIAR ANUAL	470,88
3ª IDADE, XUBIL, DISCAPAC, EXCLUSIÓN SOCIAL, DESEMPREG. MENSUAL	21,94
3ª IDADE, XUBIL, DISCAPAC, EXCLUSIÓN SOCIAL, DESEMPREG. TRIMESTRAL	60,34
3ª IDADE, XUBIL, DISCAPAC, EXCLUSIÓN SOCIAL, DESEMPREG. SEMESTRAL	104,47
3ª IDADE, XUBIL, DISCAPAC, EXCLUSIÓN SOCIAL, DESEMPREG. ANUAL	162,82
XOVE MENSUAL	31,23
XOVE TRIMESTRAL	82,39
XOVE SEMESTRAL	142,73
XOVE ANUAL	241,60
CLUBS NATACIÓN FEDERADOS/MES/USUARIO	8,61

CURSOS DE NATACIÓN

<i>BEBÉS</i>	<i>ABONADO</i>	49,41
	<i>EVENTUAL</i>	98,80
<i>INFANTIL</i>	<i>ABONADO</i>	38,33
	<i>EVENTUAL</i>	76,65
<i>NENOS</i>	<i>ABONADO</i>	36,06
	<i>EVENTUAL</i>	72,11
<i>CURSO INICIACIÓN A PARTIR 16 ANOS</i>	<i>ABONADO</i>	49,41
	<i>EVENTUAL</i>	98,80
<i>NATACIÓN TERAPÉUTICA</i>	<i>ABONADO</i>	49,41
	<i>EVENTUAL</i>	98,80
<i>NATACIÓN ESCOLAR/ALUMNO</i>		26,53
<i>AQUAGIM A PARTIR 16 ANOS</i>	<i>ABONADO</i>	17,51
	<i>EVENTUAL</i>	35,07

ENTRADAS

ENTRADA ADULTO- A partir 18 anos	5,11
ENTRADA NENO-INFANTIL	2,98
BONO 10 BAÑOS	39,96
BONO 20 BAÑOS	72,02

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométense os expedientes a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, os acordos de aprobación provisional estarán a disposición dos interesados no Portal de Transparencia de Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse aprobados definitivamente os acordos de aprobación provisional.

Sarria, 2 de xullo de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2022

VIVEIRO*Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 09 de xullo de 2025, aprobouse provisionalmente a seguinte modificación:

- Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 10 de xullo de 2025.- A ALCALDESA, María Carmen Gueimunde González.

R. 2025

XOVE*Anuncio***ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO NO CONCELLO DE XOVE**

Tendo comunicado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o seu acordo de data 13 de xaneiro de 2023 instando o inicio do expediente para a elección de Xuíz de Paz **SUBSTITUTO** do Concello de Xove, por estar próximo o vencemento o período de catro anos do anterior, tal e como dispón o art. 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, todas aquelas persoas interesadas en participar no procedemento de selección.

Se conformidade co establecido no art. 5 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño dos Xuíces de Paz (BOE. núm. 166 de 13/07/95), efectúase convocatoria pública para cubrir vacante de Xuíz/a de Paz substituto desta localidade. De acordo con o artigo 99 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo do Poder Xudicial, en cada municipio onde non exista Xulgado de Primeira Instancia e Instrución e con xurisdición no termo correspondente, haberá un Xulgado de Paz. Sendo leste o suposto do termo municipal de Xove polo que se fai necesaria a convocatoria para cubrir a praza de Xuíz de Paz substituto para o próximos catro anos con suxeición ás seguintes bases aprobadas mediante decreto de Alcaldía do día 11 de xullo de 2025:

BASES XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE XOVE**Primeira: Artigo 101 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.**

1.- Os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán nomeados para un período de catro anos pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente. O nomeamento recaerá nas persoas elixidas polo respectivo Concello.

2.- Os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houber solicitante, o pleno elixirá libremente.

Segunda: Anuncio.

O artigo 5 do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz determina que as vacantes no cargo de Xuíz de Paz titular e substituto anunciaranse polo Concello respectivo coa suficiente antelación, mediante convocatoria pública, con indicación do prazo e lugar de presentación de instancias. Publicarase no Boletín Oficial da Provincia e mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz.

Deberán cumprimentar os anexos das presentes bases e presentalos xunto coa documentación requirida, ben presencialmente e en formato papel ante o Rexistro Xeral do Concello de Xove, ou ben de maneira telemática desde a sede electrónica da páxina web do Concello.

O prazo para a presentación de instancias será de **dez (10) días hábiles** a partir do día seguinte ao de publicación das bases no BOP. A non presentación en tempo e forma supoñerá a exclusión do aspirante.

Terceira. Condicións de capacidade e elixibilidade.

Segundo 1.2 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz para ser Xuíz de Paz requírese ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

O artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo do Poder Xudicial establece que están incapacitados para o ingreso na Carreira Xudicial os impedidos física ou psíquicamente para a función xudicial; os condenados por delito doloso mentres non obtivesen a rehabilitación; os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento, e os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

Para poder acreditar que as persoas interesadas teñen capacidade suficiente para o desempeño do posto han de achegar a seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade.
- Declaración responsable. Anexo 2.

Cuarta. Valoración de idoneidade.

No artigo 298.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, establécese que os Xuíces de Paz exercen funcións xurisdiccionais sen pertencer á Carreira Xudicial, con suxeición ao réxime establecido na devandita Lei, sen carácter de profesionalidade e con inamovibilidade temporal, formando parte durante o seu mandato do Poder Xudicial.

De conformidade co disposto no artigo 100 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, os Xulgados de Paz coñecerán, na orde civil, da sustanciación en primeira instancia, fallo e execución dos procesos que a lei determine e cumprirán tamén as demais funcións que a lei lles atribúa. Na orde penal, coñecerán en primeira instancia dos procesos por faltas que lles atribúa a lei. Poderán intervenir, igualmente, en actuacións penais de prevención, ou por delegación, e naquelas outras que sinalen as leis.

Os interesados en desempeñar o cargo de Xuíz de Paz han de achegar o seu currículo actualizado en aras a valorar a idoneidade do candidato.

Serán méritos a ter en conta:

- Estar en posesión de títulos universitarios de Licenciatura ou Grao en (máximo 1 punto):
 - Dereito: 1 punto
- Desempeñar profesións relacionadas coa Administración de Xustiza (avogado, procurador, xuíz,...) co seguinte baremo (máximo 30 puntos):
 - Xuíz de paz: 0,25 puntos por mes de servizo efectivamente acreditado
 - Avogado: 0,10 puntos por mes de servizo efectivamente acreditado
 - Procurador: 0,05 puntos por mes de servizo efectivamente acreditado

- Acreditación de superación de exames en procesos selectivos para as carreiras xudicial e fiscal (máximo 2 puntos):
 - 1 punto por exame aprobado e debidamente acreditado
- Empadramento no municipio de Xove xa que o Regulamento, no seu artigo 17 establece o deber de residencia na poboación onde teña a súa sede o Xulgado de Paz (máximo 5 puntos):
 - Certificado de empadramento no municipio de Xove: 5 puntos

Quinta. Incompatibilidades e prohibicións.

O artigo 23 do regulamento número 3/1995, do 7 de xuño e o artigo 395 da LOPJ establece que Os Xuíces de Paz non poderán pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo dos mesmos. En relación ás incompatibilidades, o artigo 389 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que o cargo de Xuíz ou Maxistrado é incompatible:

1. Co exercicio de calquera outra xurisdición allea á do Poder Xudicial.
2. Con calquera cargo de elección popular ou designación política do Estado, Comunidades Autónomas, Provincias e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera deles.
3. Cos empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Administración do Estado, as Cortes Xerais, a Casa Real, Comunidades Autónomas, Provincias, Municipios e calquera entidades, organismo ou empresas dependentes duns ou outras.
4. Cos empregos de todas clases nos Tribunais e Xulgados de calquera orde xurisdiccional.
5. Con todo emprego, cargo ou profesión retribuída, salvo a docencia ou investigación xurídica, así como a produción e creación literaria, artística, científica e técnica, e as publicacións derivadas daquela, de conformidade co disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
6. Co exercicio da Avogacía e da Procuradoría.
7. Con todo tipo de asesoramento xurídico, sexa ou non retribuído.
8. Co exercicio de toda actividade mercantil, por si ou por outro.
9. Coas funcións de Director, Xerente, Administrador, Conselleiro, socio colectivo ou calquera outra que implique intervención directa, administrativa ou económica en sociedades ou empresas mercantís, públicas ou privadas, de calquera xénero.

De conformidade co artigo 14 do Regulamento, terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- a) A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.
- b) O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

Sexta. Nomeamento.

Se a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza considera que as persoas elixidas polo Concello reúnen as condicións de capacidade e de elixibilidade esixidas pola lei, expedirá os correspondentes nomeamentos e ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, dando conta dos mesmos ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Partido, ou ao Decano se houber varios (artigo 8 Regulamento).

Os Xuíces de Paz tomarán posesión do seu respectivo cargo dentro dos vinte días naturais seguintes á data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, previo xuramento ou promesa ante o Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do partido. Non estarán obrigados a presentar xuramento ou promesa quen xa o presentaron con anterioridade como Xuíces de Paz. A duración do mandato computarase desde a data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia (artigo 20 e artigo 21.2 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

Sétima. Norma final.

Ao presente proceso selectivo seranlle de aplicación a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo do Poder Xudicial, o Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

**ANEXO 1. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO CONVOCATORIA: XUÍZ DE PAZ
SUBSTITUTO DO CONCELLO DE XOVE****DATOS PERSONAIS:**

APELIDOS E NOME			
NIF		DATA DE NACEMENTO	
DOMICILIO			
CONCELLO			
PROVINCIA			
TELÉFONO			
CORREO ELECTRÓNICO			

EXPÓN:

Primeiro.- Que declara coñecer as bases da convocatoria.

Segundo.- Que reúne os requisitos esixidos nas bases da convocatoria para a participación no proceso selectivo, para o que adxunta a documentación esixida nas mesmas.

SOLICITA:

Ser admitido/á o mencionado proceso selectivo convocado.

Asinado:

En

a

de

de 2025

APELLIDOS E NOME			
NIF		PROFESIÓN	

En _____ a _____ de _____ de 2025

Xove, 11 de xullo de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2026

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

BASES PARA A PROVISIÓN DE 5 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN FORESTAL FINANCIADO CO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O MANTENEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS DOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA “TERRA CHÁ”- 2025.

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición, 5 prazas de peón forestal para o mantemento dos espazos naturais dos municipios que conforman a Mancomunidade de municipios da “Terra Chá”, ao abeiro da subvención “*na Orde do 23 de xaneiro de 2025 , pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia*”

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexerase polo disposto:

- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Lei 7/ 2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público.
- Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

3.- PUBLICIDADE

As presentes bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, así coma no Boletín Oficial da Provincia. Os resultados das probas, así como as citacións e emplacements aos aspirantes, publicaranse no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

3.- TEMPO, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN

A modalidade de contratación será laboral temporal na modalidade de circunstancias de produción ao amparo do Real Decreto- Lei 32/2021, de 28 de decembro.

A duración do contrato será de 89 días.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

As retribucións brutas mensuais son 1.381,33€/peón forestal/mes.

4.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

3.1: Requisitos xerais:

a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Titulación: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou equivalente; ou documento xustificativo do pago das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.

c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e os nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo: *“Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.”*

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente homologado, deberá superar unha proba sobre o coñecemento do idioma galego.

5.- FUNCIÓNS.

As funcións e tarefas a realizar serán as seguintes:

– As propias da categoría con incidencia especial no mantemento dos espazos naturais nos municipios que coforman a Mancomunidad de Municipios da “Terra Chá”.

6.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrência, mérito e capacidade.

As instancias solicitando formar parte no proceso selectivo dirixiranse ó sr. Presidente da Mancomunidad. Presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidad con sede no Concello de Cospeito, Av. De Terra Chá, 29 Feira Do Monte, Cospeito así como na sede electrónica da Mancomunidad: <https://mancomunidadeterracha.sedelectronica.gal/>, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 5 (cinco) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia Lugo. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común. Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por correo electrónico (administrativo@mancomunidadeterracha.org) á Mancomunidad de Municipios da Terra Chá unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentarase a seguinte documentación (orixinal ou compulsada):

- DNI do interesado ou documento equivalente.
- Titulación académica.
- Relación de méritos que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos, de ser o caso.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Presidencia da Mancomunidade aprobarase a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Edictos da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá e Taboleiro de Edictos físico do Concello de Cospeito por ser sede da Mancomunidade, outorgando un prazo de 3 días naturais para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito e na Web da Mancomunidade.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a Resolución de Presidencia que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario da Mancomunidade ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

2. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

4. O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas bases.

5. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6. O Tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes que superaran a fase de oposición non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

7. O Tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicarase no Taboleiro de Edictos da Mancomunidade de Municipios de Terra Chá e no Taboleiro de Edictos físico do Concello de Cospeito por ser sede da Mancomunidade.

A efectos de percepción de asistencias, rexerá o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, de ser o caso.

8.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días naturais para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición e á valoración do concurso.

A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase pola persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra escollida no sorteo realizado pola Consellería de Facenda e Administración Pública para determinar a orde de aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia do ano 2024, desbotando as preposicións dos apelidos compostos (letra H- DOG do 09/02/2024).

A) **FASE DE OPOSICIÓN:** puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1.º exercicio: Exáme práctico que consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto de traballo. O exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez) puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo.

2º exercicio: De carácter obligatorio e eliminatorio, estará dirixido a comprobar o coñecemento do idioma galego polas persoas aspirantes. Consistirá nun exercicio tipo test a realizar nun tempo máximo de 30 (trinta) minutos. A cualificación que se outorgue será a de “apto” ou “non apto”, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos. De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 2, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente (anexo I, 4 da Orde do 16 de Xullo 2007, DOG do 30 de Xullo de 2007).

B) **FASE DE CONCURSO:** puntuación máxima 5 puntos.

Unha vez rematada a fase de oposición, procederase á valoración da fase de concurso só para as persoas aspirantes que superaron a fase de oposición:

1. Experiencia profesional: puntuación máxima 3,50 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 2,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. Cursos relacionados coas funcións a desempeñar: puntuación máxima 1,50 puntos.

– Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

a) Duración igual ou superior a 50 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.

b) Duración igual ou superior a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.

c) Duración igual ou superior a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 5(cinco) puntos, sumaránse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida na fase de oposición.

2. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso.

3. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso.

9.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

1.- Rematado o proceso selectivo, o tribunal declararán persoas aprobadas as persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación ata un máximo de 5 e elevará á Alcaldía proposta para a súa contratación como persoal laboral temporal. Este acordo poderá recorrerse en alzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións á avaliación dos exercicios da fase de oposición ou concurso.

2.- O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas, sendo éste total de 5 (cinco) persoas aspirantes

3.- En caso de non haber ningún aspirante que superase o proceso selectivo, o tribunal declararao deserto.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso, publicaráse a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios da Mancomunidad de Municipios da Terra Chá, no Taboleiro de Anuncios físico do Concello de Cospeito, por ser sede da Mancomunidad e na web da Mancomunidad, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de persoas aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Presidencia que ditará resolución de contratación.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase cos aspirantes seleccionados, os cales deberán presentar a seguinte documentación no prazo de 3 (tres) días naturais a contar desde a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo II).
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN).
- Certificado médico de aptitude para o traballo a realizar.

As persoas aspirantes propostas para a contratación que no prazo de 3 (tres) días naturais antes sinalado non presentara a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade.

11.- LISTAXE DE RESERVA.

1.- As persoas aspirantes que superasen á fase de oposición sen chegar a obter praza, serán incluídos nunha bolsa de emprego para a cobertura temporal daquelas vacantes ou baixas temporais que poidan ter lugar nas prazas convocadas e polo tempo que reste ata completar o tempo máximo de duración da praza de persoal laboral temporal convocada, duración máxima de dous meses, en cada unha das cinco prazas convocadas.

2.- A constitución da bolsa de emprego non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo a do seu chamamento para a contratación como persoal laboral temporal que no seu caso proceda e pola orde establecida, sempre que se dean algunha das circunstancias para as que se constituíu a bolsa e o órgano competente o considere necesario.

3.- Serán causas de exclusión da bolsa de traballo:

- a) A non achega, no seu caso, de documentación que poida ser requerida ao aspirante.
- b) Non comparecer á toma de posesión no día establecido polo órgano competente,
- c) Ter a consideración de “non apto” no certificado requerido no caso de chamamento.
- d) A exclusión dun integrante da bolsa deberá serlle notificado por escrito,

A non aceptación da proposta de traballo ofertada mediante chamamento sen concorrer algunha das causas de non exclusión que seguidamente se detallan non será causa de exclusión pero supoñerá para a persoa afectada pasar ao último lugar da bolsa.

4.- Non serán causa de exclusión da bolsa de traballo as seguintes circunstancias, debidamente acreditadas no prazo máximo de tres días naturais desde o chamamento:

- a) Baixa por maternidade ou paternidade.

- b) Baixa por enfermidade ou accidente.
- c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- d) Estar a traballar en calquera organismo público ou empresa privada.
- e) Cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e temporal. Estas persoas manterán por tanto a súa posición na bolsa de emprego.

A non acreditación destas circunstancias no prazo indicado non será causa de exclusión pero supoñerá para o afectado pasar ao último lugar da bolsa. No caso de que se acrediten ditas circunstancias en prazo, a persoa aspirante continuará na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado na bolsa e non se lle ofrecerá ningunha contratación ata que comunique á Mancomunidade a súa dispoñibilidade por modificarse a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. A realización dunha contratación non exclúe a posibilidade de ser contratado novamente noutras ocasións, nin fai perder ao aspirante a posición que ocupaba na lista de aprobados.

5.- A bolsa de traballo será pública e estará ao dispor dos interesados para a súa consulta.

6.- Esta bolsa terá vixencia durante o período de contratación, polo tempo que reste ata un máximo de 2 meses.

7.- O procedemento de chamamento: O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación no seguinte sentido: A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

a) Procedemento xeral: Contactarase telefonicamente (mediante chamada) e mediante comunicación de e-mail coas persoas aspirantes seguindo rigorosamente a orde establecida na bolsa. A persoa aspirante deberá dar unha contestación á oferta de emprego no prazo máximo de vinte e catro horas desde que sexa localizado. Realizásense como máximo tres intentos de comunicación en horas distintas e polo menos dúas deles en días diferentes.

b) Procedemento de urxencia: Contactarase telefonicamente (mediante chamada) e mediante comunicación de e-mail coas persoas aspirantes seguindo rigorosamente a orde establecida na bolsa. A persoa aspirante deberá dar unha contestación á oferta de emprego no prazo máximo de dúas horas desde que sexa localizado. Realizásense como máximo tres intentos de comunicación en horas distintas. No caso de que non se poida localizar a unha persoa aspirante despois de tentar tres intentos de comunicación no horario de 8:00 a 15:00 horas, procederase a chamar a seguinte persoa aspirante da lista, sendo a persoa aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de espera. Das xestións realizadas deixarase constancia por escrito no expediente.

Achega de documentación e contratación. As persoas aspirantes que sexan chamados e propostos para a súa contratación, previa aceptación dos mesmos, deberán achegar no prazo máximo de 3 (tres) días naturais (salvo causa xustificada) desde a aceptación da contratación a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (anexo II).
- Fotocopia da cartilla da S.S.
- Nº de conta bancaria cos 24 díxitos.
- Certificado médico de aptitude para o traballo a realizar.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do postos obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia das persoas seleccionadas, impedimento para ser contratados e outras circunstancias análogas que se poidan producir, e polo tempo que reste ata completar os dous meses de contrato previsto na convocatoria.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Presidencia procederá a formalizar a contratación coa persoa seleccionada, estando obrigada a persoa contratada a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa lexislación aplicable, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

Cospeito, 14 de xullo de 2025.- O Presidente, don Armando Castosa Alvariño.

ANEXO I**MODELO DE INSTANCIA PRAZA DE PEÓN FORESTAL**

D./D^a. - _____,
 con DNI nº _____
 e domicilio en - _____,
 teléfono nº _____.

EXPÓN:

- 1.- Que enterado/a da convocatoria realizada pola Mancomunidade de municipios da “Terra Chá” para cubrir, mediante concurso-oposición, CINCO prazas de PEÓN FORESTAL cunha duración de 2 meses.
- 2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.
- 3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:
- 2.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación (orixinal ou compulsada):
 - DNI do interesado ou documento equivalente.
 - Titulación académica: Título de graduado en ESO ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
 - Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega ou equivalente homologado, de ser o caso.
 - Relación e documentación acreditativa de méritos que se alegan, de ser o caso.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
1. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).
Comunicación de Datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá a través da sede electrónica da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, o unas Oficinas Xerais
Información adicional	Pode consultar máis información https://mancomunidadeterracha.sedelectronica.gal/privacy.9

En base ao exposto,

A/A: SR. Presidente da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo.

Tfno. 982520001.

Email: administrativo@mancomunidadeterracha.org

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2025.

Asdo.: _____.

A/A: SR. Presidente da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Email: administrativo@mancomunidadeterracha.org

ANEXO II

D./D^a. - _____,
con DNI nº _____
e domicilio en - _____,
teléfono nº _____.

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme ou resolución administrativa firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2025.

Asdo.: _____.

R. 2048
